



Dolores Ibárruri, 'A Pasionaria', con Jesusa Prado.

Album da Galiza

—Análise

Mulleres valiosas que nos precederon



Lola Varela

Profesora experta en coeducación

Diso vai a publicación *Corenta mulleres tecendo xuntas* que vén de editar o Consello da Cultura Galega (CCG), coordinada por Carme Adán e Montse Fajardo. E nese esforzo por visibilizar, achégannos a semblanza de mulleres pouco ou mal coñecidas que debemos incorporar ao noso imaxinario feminista. Velá á soldadeira medieval María Balteira, adscrita á corte para cantar e bailar acompañada dun xograr. Muller transgresora, que sendo fidalga e posuíndo bens, elixiu o amor en liberdade e o pracer fronte ao claustro e o matrimonio.

Un caso claro de discriminación foi o vivido por Nicolasa Añón, que sendo de familia de labradores acomodados e irmá do precursor do Rexurdimento, Francisco Añón, era analfabeta e, mentres coidaba dos animais, compuña poemas orais que aos 75 anos foron manuscritos por un mestre amigo do seu fillo. O emprego dunha linguaxe non sexista definiu a Corona González nas súas colaboracións no semanario nacionalista *A Nosa Terra* e na revista *Céltiga*, cando aínda era cativa a presenza de mulleres na prensa. Nelas, fala da emigración, da saudade, da necesidade de autoestima e, sobre todo, da importancia de mellorar a formación da nosa xente, nomeadamente das mulleres.

A labrega María Grande, da aldea das Cortellas-Soutomaior, foi unha figura senlleira da nosa música tradicional, que recuperou a técnica interpretativa arcaica a dúas mans. Coñecida como Maruxa das Cortellas, a percussionista e etnomusicóloga Xulia Feixoo di dela que foi unha das tocadoras de pandeiro máis espectaculares do país, xunto a Concha do Canizo (A

— As irmás Aurora e Manuela Liste, que deberon aturar malleiras e interrogatorios constantes dos verdugos, xuntaban roupa e alimentos para presos e fuxidos

Gudiña). Todo comezou nas fidadas ou bailes comunitarios do rural nos que Maruxa, sendo aínda unha nena, sentaba ao carón das mulleres que tocaban.

Mulleres da emigración

A emigración marcou a vida da ourensá Jesusa Prado, que de rapaza chegou a Cuba en 1910 a carón do seu pai, socialista perseguido. El, faenaba nunha fábrica de lastros e alí Jesusa asistiu ás asembleas dos obreiros. Con 16 anos, quedou orfa e debeu traballar nunha tinturaria, aínda que ela devecía por escribir, e foi adquirindo unha sólida formación marxista. De novo en Ourense, será detida no tempo da frustrada Revolución de Asturias e, cando o golpe de estado franquista, pasou polos cárceres de Celanova, Bande e Ribadavia. Logo regresou a Cuba, onde foi unha das persoas máis respectadas da colonia galega e apoiou á Revolución de 1959.

Josefina García, chamada Pepa Noia, naceu en Bos Aires de pais orixinarios de Leiro, no Ribeiro. Canda outras 13 mulleres, Pepa fundou o movemento das Nais

da Praza de Maio, tras desaparecer en outubro do 76 a súa filla M^a Lourdes, psicóloga e profesora universitaria, ao seu paso pola Escuela Mecánica de la Armada, a ESMA de funesto recordo. Até a súa morte en 2015, todos os xoves do ano ao longo de catro décadas, Pepa, que recibira o recoñecemento de Cidadá ilustre de Bos Aires, acudiu á súa cita na Praza de Maio.

Na aldea de Ameneiro (Calo) viviu a familia Liste Forján, de pai canteiro e nai leiteira. Tiveron sete fillos que padeceron na mocidade a brutal represión franquista: dous asasinados, dous fuxidos no monte e outro distinguido no seu combate ao fascismo. As irmás Aurora e Manuela, que deberon aturar malleiras e interrogatorios constantes dos verdugos, xuntaban roupa e alimentos para presos e fuxidos. Aurora, a máis nova, visitaba aos detidos, fixo de enlace cos do monte e, ademais, seguindo os pasos da nai vendía leite polas casas en Compostela. De convicción comunista, chegou a militar no PCE, logo PCG, e máis tarde no PCOE, fundado polo seu irmán Enrique. Como deixou escrito a compañeira feminista Lola Ferreiro: “Na alameda de Compostela hai unha escultura de granito coa lenda “A leiteira de Calo”... Agardamos que o nome de Aurora Liste Forján sexa gravado algún día no pé da dita peza”.

Á coruñesa do barrio da Gaieteira, Rosa Bassave, nada lle foi alleo ata o seu pasamento en 2012. Apreciada acá e acolá, foi a primeira muller en asumir en 2005 a Secretaría da CNT galega e a súa vida foi un exemplo de compromiso coa loita de clases, co feminismo, coa nosa lingua, coa memoria dos/as vencidos/as, coa solidariedade internacionalista e coa reivindicación da militancia anarquista represaliada.

Seguindo o ronsel desta oportuna publicación do CCG, precisamos afondar no coñecemento e reivindicación destas e doutras mulleres que, por ser traballadoras, foron invisibles até a II República, e, logo, por non aceptar o papel que lles reservaba o patriarcado tradicional imposto polo franquismo, padeceron persecución e retorno ao ostracismo.